

Publicidade:

Nova

## A edición 2006 de Galiciatic celébrase na Toxa este 17 de novembro

mércores 15 de novembro do 2006, por [Fernando Sarasquete](#) | [Enviar por e-mail](#) | 



A [xuntanza tecnolóxica Galiciatic](#) chega este ano con novidades. Para comezar, haberá nova feitura: as actividades (relatorios,

debates, presentacións) non se desenvolverán ó longo de varias xornadas e co formato máis tradicional dos congresos, senón nun único día, este 17 de novembro, e propiciando ó máximo o achegamento entre os participantes e o público. Amais, Galiciatic cambia de emprazamento, e pasa de celebrarse no Palacio de Congresos de Santiago ó Hotel Balneario da Toxa. A xornada deste venres 17 estará dividida en tres partes: unha mañá dedicada ás presentacións de desenvolvementos tecnolóxicos, de Negocios e a presenza –entre outros- de Carlos Jiménez (presidente de Secuware), e un final do serán que liga *di Galega das Telecomunicacións e a Sociedade da Información*, encontro da [AETG-COETG](#) que comeza coa presenta España do sistema operativo Windows Vista de Microsoft.

Na mesma  
• O CESGA  
proyecto te  
calidade de  
dende os si  
• Case un n  
estes días :  
• Clausurad  
Observatori  
tras bater c  
participante

### Premios na *Noite Galega das Telecomunicacións*

Recoñecer o labor das empresas galegas (ou vinculadas a Galiza) do sector tecnolóxico a prol da innovación, a compoñente de divulgación e a formación relacionada coas novas canles e ferramentas do coñecemento. Esa é unha das principais razóns da Fundación Gerardo García Campos 2006 que convoca a Asociación e o Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia. Esta edición chega a gora á súa cuarta edición, estando prevista a súa entrega no marco da undécima *Noite Galega das Telecomunicacións* do 17 de novembro no Gran Hotel da Toxa.

Máis polo miúdo, o que devandito colectivo de enxeñeiros galego quere con este premio é achegar o máximo pulo a aqueles emprendedores emerxentes que sexan salientables nos seguintes eidos: introdución das TIC en sectores nos que fornezan valor en profundidade no desenvolvemento de produtos aplicables en mercados amplos; orientación á exportación; creación de emprego tecnolóxico; aumento do espectro de valor no sector das TIC (contidos) e desenvolvemento de produtos de interese social. Poderá haber un premio de 6.000 euros, tódalas pequenas e medianas empresas (*pemes*) privadas españolas e galegas de TIC que leven constituídas menos de cinco anos na data da convocatoria.

Por ser a Fundación Enxeñeiro Gerardo García Campos de interese galego e contar co protectorado da Consellería de Cultura de Galicia, os proxectos que se presenten deberán estar vinculados á nosa terra, tendo que cumprir –polo menos- algún dos seguintes requisitos: que os socios fundadores sexan galegos; que a sede social estea en Galicia ou que o proxecto empresarial repercuta en beneficio da nosa comunidade. Para máis información, cómpre poñerse en contacto coa organización a través destes [administracion.coetg@coit.es](mailto:administracion.coetg@coit.es) ou [aetg@aetg.org](mailto:aetg@aetg.org).



**Grupo Código Cero Comunicación, S.L.**  
UNINOVA- Recinto MercaGalicia  
Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n  
15890 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24  
Telefax 981 55 77 07

Galardi  
na c